**PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACION DO SERVIZO DE ASISTENCIA E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO EN MATERIA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA DO CONCELLO DE OURENSE**

Páx

Artigo 1. Obxecto do contrato. .... 2
Artigo 2. Natureza e réxime xurídico. .... 2
Artigo 3. Duración do contrato. .... 3
Artigo 4. Presuposto de licitación. .... 3
Artigo 5. Revisión de prezos. .... 4
Artigo 6. Financiamento do contrato. .... 4
Artigo 7. Pagamento do prezo. .... 4
Artigo 8. Garantías. .... 5
Artigo 9. Procedemento e forma de adxudicación. .... 5
Artigo 10. Clasificación do contratista. .... 5
Artigo 11. Capacidade para contratar. .... 6
Artigo 12. Presentación de proposicións. .... 6
Artigo 13. Prazo de presentación das proposicións. .... 9
Artigo 14. Apertura de proposicións e mesa de contratación. .... 9
Artigo 15. Criterios de adxudicación. .... 10
Artigo 16. Ordenación das ofertas. .... 11
Artigo 17. Garantía definitiva. .... 12
Artigo 18. Adxudicación. .... 12
Artigo 19. Formalización do contrato. .... 12
Artigo 20. Responsable do contrato. .... 12
Artigo 21. Cumprimento do contrato. .... 12
Artigo 22. Prerrogativas do Concello. .... 13
Artigo 23. Protección de datos. .... 13
Artigo 25. Obrigas do contratista. .... 14
Artigo 26. Modificacións do contrato. .... 15
Artigo 27. Cláusulas penais. .... 15
Artigo 28. Resolución do contrato. .... 17
Artigo 29. Prazo de garantía. .... 17
Artigo 30. Xurisdición competente. .... 17
ANEXO I .... 18
ANEXO II .... 19
ANEXO III .... 20
ANEXO IV .... 21

**Artigo 1. Obxecto do contrato.**

Constitúe o obxecto do presente contrato os servizos de asistencia e apoio administrativo e técnico na tramitación dos procedementos de investigación, comprobación e demais facultades outorgadas á inspección dos tributos do Concello de Ourense, referente ao Imposto sobre Actividades Económicas e ao Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, así como a aqueles outros que, sen exceder do orzamento total do contrato, o Órgano de Xestión Tributaria determine.

Con carácter xeral o contrato comprende as tarefas de apoio e asistencia técnica que se consideren necesarias, mesmo na realización de tarefas de campo, sen que en ningún caso considere a produción de actos administrativos, a realización de tarefas que impliquen exercicio de autoridade ou custodia de fondos públicos ou calquera outra que estea reservada por Lei a funcionarios.

A definición concreta das tarefas a realizar veñen determinadas no prego de prescricións técnicas.

Os referidos Pregos, e o contrato outorgado ao efecto, posuirán natureza contractual, regulando a prestación do servizo, e deberán ser subscritos en proba de conformidade polo adxudicatario.

As necesidades a satisfacer veñen determinadas no informe do xefe do Órgano de Xestión Tributaria de data 31 de xullo de 2013, que obra no expediente.

**Artigo 2. Natureza e réxime xurídico.**

O presente contrato é un contrato administrativo de servizos, non suxeito a regulación harmonizada, conforme ao establecido nos artigos 10 e 16.1.b), e que está incluído no n.º 27 do Anexo II do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), sendo a súa nomenclatura de código CPV: 79 221 000-9.

O devandito contrato rexerase por:

- O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- O Prego de Prescricións Técnicas Particulares.
- O contrato a subscribir entre o Concello de Ourense e o adxudicatario.
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP).
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non contraveña a anterior.
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Supletoriamente, rexerán as normas xerais do dereito administrativo e, só no seu defecto, as do dereito privado.

O descoñecemento por parte do contratista da normativa aplicable ao contrato non eximirá a este da obriga do seu cumprimento.

En caso de contradición entre o presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o resto da documentación técnica unida ao expediente, prevalecerá o disposto neste Prego.

**Artigo 3. Duración do contrato.**

O contrato terá unha duración de 3 anos a contar dende a data da súa formalización. O contrato poderase prorrogar por un período dun ano por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, non excedendo a duración total do contrato, incluída a prórroga, de 4 anos. A prórroga deberá ser expresa sen que poida producirse de forma tácita.

Non obstante, a remuneración polo mencionado servizo calcúlase sobre o importe das liquidacións aprobadas cobradas, aínda que o cobramento se produza posteriormente, mesmo unha vez finalizado o contrato de prestación de servizos.

Se o adxudicatario solicitase a resolución do contrato por presunto incumprimento das obrigas que incumben ao Concello e este adoptase acordo recoñecendo a súa procedencia, o contratista terá a obriga, se o Concello así o decidise, de continuar o servizo durante o prazo máximo de tres meses contados a partir da data de entrada, no Rexistro Xeral, da súa solicitude mediante instancia dirixida ao Ilustrísimo Sr. Alcalde-Presidente. Durante o devandito prazo os prezos aplicables serán os mesmos do contrato.

No caso de que sexa o Concello quen, por propia iniciativa e a causa do incumprimento das obrigas do adxudicatario, resolva o contrato, este quedará obrigado a seguir prestando o servizo, se a Corporación así o estima conveniente, ata a adxudicación da nova licitación, que oportunamente se convoque, ou por un prazo máximo de tres meses contados dende a data do acordo municipal da resolución do devandito contrato. No transcurso deste prazo os prezos aplicables serán os mesmos do contrato.

**Artigo 4. Presuposto de licitación.**

O tipo de licitación para esta contratación establécese nunha porcentaxe máxima do 25 por 100 (IVE non incluído) sobre a débeda tributaria cobrada, correspondente aos expedientes froito da colaboración realizada pola empresa adxudicataria, que teñan a súa orixe na instrución dos expedientes de comprobación e/ou inspección que se realice durante a vixencia do presente contrato. O licitador, na súa oferta, sinalará a súa porcentaxe de remuneración que non poderá exceder do 25 por 100 sinalado.

A "débeda tributaria cobrada" incluirá os ingresos obtidos correspondentes:

- Ao principal da débeda, sen incluír, no caso do Imposto sobre Actividades Económicas, a Recarga Provincial.
- Aos xuros de mora liquidados pola regularización de atrasos na tributación dos contribuíntes, sen incluír a parte proporcional correspondente á Recarga Provincial no mesmo caso anterior.
- Ás sancións que, se é o caso, correspondan.
- Aos xuros de mora que corresponda liquidar, nos casos de suspensión de liquidacións, como consecuencia da resolución de recursos ou reclamacións.

A remuneración polo mencionado servizo realizarase sobre o importe das liquidacións cobradas xeradas en período voluntario, aínda que o cobramento se produza posteriormente, mesmo unha vez finalizado o contrato de prestación de servizos, establecéndose un prazo de dous anos entre a data de finalización do contrato e a do cobramento da liquidación como prazo límite para que a liquidación cobrada perciba a porcentaxe de remuneración correspondente a favor da empresa adxudicataria, sen

incluír en ningún caso as recargas do período executivo nin os xuros derivados do procedemento de prema.

En caso de que algunhas das liquidacións cobradas fosen recorridas e posteriormente anuladas nalgunha instancia administrativa ou contenciosa, o contratista procederá á devolución do prezo da súa colaboración pola parte da liquidación anulada no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ao que lle sexa notificada a resolución correspondente.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 88 do TRLCSP, e segundo se determina no prego de prescricións técnicas, o valor estimado do contrato, tendo en conta a súa duración inicial e as posibles prórrogas deste, e excluído o IVE, é de 1.000.000,00 €.

**Artigo 5. Revisión de prezos.**

Non se dará revisión de prezos neste contrato.

**Artigo 6. Financiamento do contrato.**

O expediente sométese a tramitación anticipada do gasto, polo que a súa adxudicación quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o ano 2014. O Concello comprométese a destinar o crédito necesario para financiar as obrigas derivadas do contrato durante a súa vixencia.

**Artigo 7. Pagamento do prezo.**

O pagamento do prezo realizarase mediante pagamentos parciais.

Para tal efecto, durante a duración do contrato o contratista emitirá con periodicidade bimestral factura pola remuneración pendente correspondente á débeda tributaria cobrada. A devandita factura deberá ir acompañada dunha relación dos traballos e prestacións efectivamente realizadas durante o bimestre anterior e dun informe emitido polo Servizo de Recadación acreditativo das débedas tributarias cobradas.

Durante os dous anos seguintes á finalización do contrato, as devanditas facturas serán emitidas con carácter trimestral e a esta unicamente se acompañará o informe do Servizo de Recadación mencionado no apartado anterior.

En caso de que como consecuencia do desenvolvemento dos traballos a débeda tributaria cobrada sexa superior á prevista para algún exercicio, poderá ser modificado o presuposto estimado do contrato para adecualo a tal circunstancia.

Unha vez recibida a factura bimestral polo/a responsable do contrato, xunto coa relación dos traballos realizados polo contratista, procederá á súa comprobación detallada para efecto de verificar que os traballos foron realizados de acordo co contrato e co plan de traballo presentado polo contratista.

Se como consecuencia a devandita comprobación, encontra conformes os traballos realizados, emitirá informe acreditativo de tal extremo e subscribirá de conformidade a factura, continuando a súa tramitación.

Cando os traballos facturados non sexan conformes ao contrato, devolverá a factura ao contratista xunto cun escrito coas instrucións que considere necesarias para o

efecto de emendar, á súa costa, as omisións ou defectos observados e establecendo un prazo para facelo.

Emendados os defectos observados ou realizados os traballos pendentes, e previa a súa acreditación, o contratista remitirá nova factura.

No caso de desconformidade do contratista coas instrucións formuladas, poderá presentar reclamación que, xunto con informe emitido polo/a responsable do contrato, será elevado ao órgano de contratación.

Se o contratista non formulase por escrito oposición ás instrucións do/da responsable do contrato no prazo de dez días dende a súa recepción, entenderase conforme con estas.

**Artigo 8. Garantías.**

Os candidatos non deberán constituír garantía provisional.

Respecto á fianza definitiva, o órgano de contratación requirirá o licitador máis vantaxoso para que dentro do prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte do recibo do requirimento, constitúa fianza definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

A garantía aplicarase do seguinte xeito: á cantidade de 3.400.000,00 € aplicaráselle a porcentaxe que oferte o licitador. Á cantidade resultante aplicaráselle o 5%

Esta garantía poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 96 TRLCSP. A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212 da TRLCSP.
b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigas, e dos danos e prexuízos ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.

A devolución da garantía, tanto total como parcial no seu caso, realizarase de acordo co disposto no artigo 102 TRLCSP, no prazo de 2 meses unha vez vencido o prazo de garantía e cumpridas polo/a adxudicatario/a todas as súas obrigas contractuais. O prazo de garantía establécese nun ano.

**Artigo 9. Procedemento e forma de adxudicación.**

O procedemento de adxudicación do presente contrato de servizos será ABERTO, en tramitación ORDINARIA, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co regulado polo TRLCSP. Así mesmo, a selección do adxudicatario realizarase sobre a base de VARIOS CRITERIOS.

**Artigo 10. Clasificación do contratista.**

Non se esixe ter clasificación.

**Artigo 11. Capacidade para contratar.**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, do estado español ou doutros estados, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

1. Se foren persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica que se trate.
2. Se foren doutros estados diferentes do español que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
3. Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Será requisito, así mesmo, para poder presentar oferta, que a finalidade ou actividade que desenvolva o licitador teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos Estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente. Así mesmo deberá de dispoñer dunha organización con elementos materiais e persoais necesarios para a execución do contrato.

**Artigo 12. Presentación de proposicións.**

Toda proposición presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das formas permitidas pola lexislación vixente.

Se a proposición se presenta por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. O único número de fax válido será 988 246 791 ou no seu defecto 988 221 494. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen que se reciba a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

A proposición presentarase en sobre pechado e asinado polo licitador no que figurará a inscrición "**proposición para participar no procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia e apoio administrativo e técnico en materia de inspección do Concello de Ourense**".

Dentro deste sobre xeral incluiranse os seguintes sobres pechados e asinados polo licitador:

**Sobre núm. 1, documentación administrativa:** que conterá a seguinte documentación:

**1.1. Doc. 1:** Presentación do contratista. Débese completar unha folla cos seguintes datos:

1. Razón social da empresa:
2. NIF ou NIE:
3. Dirección física da empresa:
4. Provincia:
5. Cidade:
6. Rúa/Estrada.:
7. Núm. /km.:
8. Código postal:
9. Teléfono:
10. Fax:
11. Correo electrónico:
12. Nome do representante legal e DNI:
13. Persoa de contacto:
14. Número total de traballadores da empresa:
15. Sector:

**1.2. Doc. 2:** documentos que acredite a personalidade do licitador e, no seu caso, da súa representación. A personalidade acreditarase:

1.2.1. Cando o licitador sexa unha persoa xurídica, mediante a presentación da **escritura de constitución e de modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil** e do número de identificación fiscal (NIF), cando a inscrición fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

Cando se trate de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con certificación expedida pola Embaixada de España no Estado correspondente.

1.2.2. Se o licitador actúa en nome propio, mediante a presentación do Documento Nacional de Identidade (**DNI**), ou equivalente do seu estado respectivo.

1.2.3. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia do **DNI., así como poder bastante para o efecto pola asesoría xurídica do Concello de Ourense** Si o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

1.2.4. Cando a proposición se formule por unha **agrupación de empresas**, os empresarios que desexen concorrer integrados nela, indicarán os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adxudicatarios. Así mesmo, as empresas deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa. Tamén neste caso cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade e a súa solvencia.

**1.3. Doc. 3: Declaración responsable** de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no **artigo 60 do TRLCSP**, segundo anexo a este Prego.

**1.4. Doc. 4:** Solvencia Económica: A solvencia financeira acreditarase mediante a presentación de informe de institucións financeiras.

**1.5 Doc. 5:** Solvencia Técnica:

a) Unha **relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos** que inclúa importe, datas e o destinatario destes.

Non se considerarán solventes aquelas empresas ou profesionais que non acrediten polo menos a realización de dous traballos similares ao obxecto do contrato cuxo destinatario sexan Administracións Locais e que reúnan as seguintes condicións:

- Se os destinatarios fosen municipios, estes terán que contar cunha poboación igual ou superior a 75.000 habitantes ou cun padrón do Imposto sobre Actividades Económicas cuxa cota municipal sexa igual ou superior a 750.000 euros.
- O importe da facturación pola prestación ou realización destes servizos ou traballos debe ser igual ou superior a 750.000 euros (IVE non incluido).

A acreditación destes extremos realizarase da seguinte forma:

- Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, debendo constar o importe e datas de realización e, en caso de que o destinatario sexa un municipio con poboación inferior a 75.000 habitantes, o importe do padrón do Imposto sobre Actividades Económicas (cota municipal).
- Para a determinación da poboación do municipio teranse en conta as últimas cifras oficiais de poboación de municipios publicado polo INE, na data de aprobación do expediente de contratación.

b) **Titulacións académicas e cualificación profesional do/a delegado/a do contratista**: Deberán identificarse o nome e a cualificación profesional do/a delegado/a do contratista.

Non se considerarán solventes as empresas ou profesonais que non acrediten polo menos que o/a delegado/a do contratista conta con licenciatura universitaria ou equivalente e unha experiencia mínima de tres anos na realización dos labores obxecto do contrato.

A acreditación deste apartado realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

- Títulos académicos (orixinais ou copias compulsadas).
- Currículo.
- Certificado oficial de administracións locais que acrediten a experiencia mínima esixida na realización dos labores obxecto do contrato.

Os documentos poderanse presentar orixinais ou mediante copias dos mesmos que teñan carácter de auténticas conforme á lexislación vixente.

Se os licitadores están inscritos no Rexistro Oficial de empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas poderán indicalo acompañando a correspondente certificación onde se recollan os extremos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que considere necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude e vixencia destes.

**Sobre núm. 2, Estudio Organizativo do servizo:** O licitador presentará un proxecto ou memoria onde se describirá a forma na que prestará o servizo.

A proposta técnica haberá de axustarse aos diferentes apartados sinalados nos criterios de valoración das ofertas e non poderá ter unha extensión superior a 70 páxinas, con exclusión das portadas e índices, Á devandita proposta achegarase como anexos os documentos ou xustificantes que o licitador considere necesarios para efecto de acreditar os extremos que sexan precisos.

As propostas presentaranse en tamaño de papel A4, interlineado sinxelo, fonte Arial, Times New Roman ou similar e tamaño da fonte 11 ou 12.

**Sobre núm. 3, Proposta económica:**

Conterá a proposición económica axustada ao modelo inserto ao final deste prego.

**Artigo 13. Prazo de presentación das proposicións.**

As proposicións das empresas licitadoras presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Ourense ou por calquera dos demais medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, en horario de 9:00 a 14:00 horas, no prazo de quince días naturais, a contar dende o día seguinte á data de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou Comunidade Autónoma.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á desestimación de todas as propostas por el presentadas.

**Artigo 14. Apertura de proposicións e mesa de contratación.**

A mesa de contratación estará formada polo Concelleiro de Facenda, D. José Angel Vázquez Barquero, que actuará como presidente; como vogais a concelleira de Urbanismo Dª Aurea E. Soto Vázquez, o asesor xurídico, D. Luis Tros de Ilarduya Guerendiain e o interventor municipal, D. Gonzalo Alonso Alvarez; actuando como secretaria a Xefe de Sección de Contratación, Dª. Nélida Docabo Fernández.

Suplentes: O Concelleiro de Infraestructuras D. Antonio Rodríguez Penin (presidente), a Concelleira de Educación, Dª. Ana Mª Garrido Rodríguez o asesor xurídico adxunto, D. José Javier García Gago, a Técnico de Intervención, Dª. Paula Álvarez Fernández, sendo suplente da secretaria o funcionario xefe do negociado de Contratación D. Diego Rodríguez Rodríguez.

A licitación axustarase ás normas establecidas na lexislación vixente.

A mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxecto do contrato.

A mesa de contratación, cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre núm. 1. Se se observasen defectos materiais na documentación presentada comunicarao aos interesados e concederá un prazo de 3 días para que o licitador emende o erro.

O acto de apertura de proposicións do sobre núm. 2 terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa. Este acto será público e a determinación do día e hora realizarase mediante anuncio no PERFIL DO CONTRATANTE (www.ourense.es).

A apertura da oferta económica realizarase unha vez valorados os criterios non cuantificables automaticamente. O acto igualmente será público e anunciarase no PERFIL DO CONTRATANTE (www.ourense.es).

A avaliación das ofertas realizarase atendendo aos criterios de adxudicación establecidos neste prego, e de acordo ao disposto no artigo 150 TRLCSP. O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente o valor económico desta, ou de declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no prego.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa resolución.

A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando, de conformidade co previsto no artigo 152 do TRLCSP, o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados.

**Artigo 15. Criterios de adxudicación.**

Os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato e a súa ponderación son os seguintes:

**Oferta Económica: Ata 52 puntos**. A oferta económica, valorarase aplicando a seguinte fórmula: Puntuación = Pb*(Om/Oc)

*Pb = puntuación máxima a asignar (52 puntos)

*Om = Oferta mellor

*Oc = Oferta concursante

Consideraranse incursos en presunción de temeridade aquelas empresas que presenten unha oferta económica cuxa baixa se distancie en máis de 10 puntos da baixa media.

**Estudo organizativo do servizo: Ata 48 puntos.** Valorarase o seu contido e a súa adecuación ao prego de prescricións técnicas e nel deberá constar a metodoloxía dos traballos, a súa programación ou planificación, e os medios personais e materiais

adscritos á súa execución, con especial mención aos controis de calidade propostos polo licitador, consonte o seguinte desglose:

a) Metodoloxía dos traballos, **ata 30 puntos**. O licitador xustificará e indicará de forma detallada e ordenada a metodoloxía proposta para o desenvolvemento do servizo obxecto do contrato. A tal fin describiranse as distintas fases en que se estruturará a prestación do servizo, prazos previstos para a súa execución e os medios técnicos e materiais con que contará. A valoración de cada un destes conceptos será a seguinte:

    a. Metodoloxía proposta e a súa xustificación: **ata 16 puntos**.
    b. Programación ou planificación dos traballos: **ata 7 puntos**.
    c. Medios técnicos e materiais, incluído o software, a empregar na execución do contrato, especificando as súas características técnicas e funcionalidades, así como a súa incidencia na execución do contrato: **ata 7 puntos**.

b) Medios persoais adscritos ao proxecto: **ata 10 puntos**. Estrutura xerarquizada do persoal adscrito á execución do contrato, coas funcións que correspondan a cada un e a dedicación.

   Respecto do equipo de traballo, o licitador indicará o nome e currículo do persoal directamente adscrito á execución do contrato, debendo achegarse:

   - Indicación de dedicación a este contrato (total, parcial, temporal...)
   - Carta de aceptación de cada membro do equipo.
   - Título (orixinal ou copia compulsada) que ostente cada un deles.
   - Certificados oficiais de administracións locais que acrediten a experiencia en traballos similares para a administración local dos membros dese equipo e a súa temporalidade.

   O licitador, no seu caso, realizará declaración na que indicará número, titulación e categoría laboral, do persoal técnico de apoio dos seus servizos centrais co que, sen formar parte do directamente adscrito ao contrato, conte o licitador para a súa execución.

c) Control de calidade dos traballos: **ata 8 puntos**. Neste apartado valoraranse os controis de calidade dos traballos que a empresa se comprometa a realizar, que acrediten a súa correcta execución e faciliten ao/á responsable do contrato un axeitado exercicio das súas funcións.

As propostas cuxo estudo organizativo obteña unha **puntuación inferior a 35 puntos** quedarán excluídas da licitación.

**Artigo 16. Ordenación das ofertas.**

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas por orde decrecente, segundo os criterios sinalados no artigo anterior e requirirá ao licitador mais vantaxoso para que dentro do prazo de dez días hábiles seguintes a contar dende o seguinte a aquel en que se recibiu o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Certificación administrativa, expedida por órgano competente, de estar ao corrente das súas obrigas tributarias, que comprenda os seguintes termos: ter presentadas as declaracións ou documentos de ingreso do IRPF ou IS; as declaracións de pagamentos fraccionados, a conta e retencións que procedan; as declaracións

periódicas do IVE, así como a declaración resumo anual; certificación de non existir débedas de natureza tributaria en período executivo con Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Ourense; e xustificación de estar dado de alta e ao día no IAE, mediante a presentación do último recibo.

b) Certificación administrativa, expedida por órgano competente, sobre o cumprimento das obrigas da Seguridade Social, acerca de: estar inscrita e en alta no sistema de Seguridade Social e, de tratarse de empresa individual, afiliado e en alta no réxime que lle corresponda por razón da súa actividade; ter afiliados e dados de alta aos seus traballadores; ter presentado os documentos de cotización; e estar ao corrente no pagamento das cotas e doutras débedas coa Seguridade Social.

**Artigo 17. Garantía definitiva.**

